ESPAÑA
FRANQUEO CONCERTADO
F.C. Nº 15000077

**LEITE.** Casa Codesal: Referente en España na produción de leite ecolóxico ▸ 4 e 5

**VACÚN DE CARNE.** Viaxe formativa do sector en outono ao Parque Natural de Somiedo ▸ 6

**VIÑO.** Crise no sector por fortes ataques de mildiu e black rot

As anomalías do clima e a falla de cobertura dos seguros poñen en xaque o sector vitícola ▸ 3



# FOUCE

Periódico labrego de información técnica e sindical - Ano XLIV - Nº 321 - Xullo-Agosto 2018

# EN DEFENSA DOS DEREITOS DAS PERSOAS XUBILADAS




O 7 de xullo, a través dunha asemblea, o Sindicato Labrego Galego formou unha coordinadora que se ocupará das cuestións que preocupan á afiliación de máis idade que, malia estaren xubiladas, aínda queren participar na vida sindical da nosa organización. Será até o vindeiro congreso, no que se constituirá formalmente a Secretaría das Persoas Maiores do SLG. A maiores, escolleuse a Olga Otero e Cándido Iglesias como responsábel e vicerresponsábel, respectivamente. ▸ 8 a 10

## O Son Labrego e o III Foro de Agroecoloxía marcarán a axenda de outono

O 22 de setembro, o Cinema Palleiriso de Chantada (na imaxe) acollerá a segunda edición do Son Labreg@. Un mes despois, do 20 ao 21 de outubro, celebrarase o III Foro Labrego de Agroecoloxía en Allariz (Ourense). Neste Fouce adiantamos o programa do Son Labreg@ e facemos oficiais das tas do Foro de Agreocoloxía. ▸ 3 e 13




Plataforma Veciñal MINA TOURO-O PINO NON

Mina Touro O Pino NON rexistra máis de 26.000 sinaturas na Xunta pedindo o rexeitamento do proxecto ▸ 7

**FORMACIÓN** O Programa BOND viaxa ao sur de Inglaterra para coñecer de preto as súas redes de proxectos agroecolóxicos ▸ 11

**RECORTES** O SLG e o Colexio de Logopedas denuncian recortes nas axudas ao alumnado con necesidades de apoio educativo ▸ 7

**LEITE** Catalunya adiántase ao resto do Estado e regula a venda directa de leite cru a particulares nas granxas ▸ 6

sindicato labrego galego
comisións labregas

EDITORIAL

# Para cando unha lei que limpe de maleza política e industrial o perímetro das nosas granxas?

Ao longo deste verán, os medios de comunicación incidiron moito nos labores de limpeza e corta de árbores que se estaban a facer en toda Galiza para crear franxas de 50 metros de seguridade ao redor de vivendas e núcleos habitados. Trátase, sen dúbida, dunha medida necesaria para evitar que os incendios forestais rematen en traxedia como aconteceu en outubro de 2017, cando os lumes no sur de Galiza se levaron por diante catro vidas humanas.

Unha vez máis, a Xunta e a Consellaría de Medio Rural pasáronlle a pataca quente aos concellos ao facelos responsables de comprobar o cumprimento da obriga, de multar as infraccións ou realizar rozas de maneira subsidiaria trasladándolles o custe ás persoas donas das fincas. Obviamente, o meirande dos concellos de Galiza carecen dos medios económicos, materiais e humanos para cumprir este cometido -tal e como manifestou o presidente da Federación Galega de Municipios (Fegamp)- polo que os traballos, con sorte, quedarán a medias. Iso si, agora a Xunta terá argumentos para lavarse as mans en caso de novas catástrofes.

Máis alá do escaso cumprimento desta normativa de seguridade, e máis alá da súa caótica execución na que se está a arrasar con masas arbóreas sen perigo, mesmo en espazos protexidos, poñer o foco mediático na corta das árbores no perímetro das casas e dos núcleos habitados non debe facernos esquecer, como sociedade, que o problema das forestacións ilegais vai moito máis alá da seguridade cidadá.

No Sindicato Labrego Galego, levamos décadas denunciando a forestación ilegal de terras agrarias e as distancias ilegais das plantacións forestais sen que a Xunta fixese nada por evitalo ou sancionalo. Con moitas das nosas granxas con serios problemas para facerse con suficiente base territorial, o Executivo de Feijóo non só non aborda este problema, senón que no seu novo Plan Forestal de Galicia contempla 25.000 hectáreas máis de eucaliptos e case 100.000 hectáreas máis de piñeiros.

> **"O PP leva décadas apostando por ENCE e o abandono rural. Ese abandono favorece o acaparamento da terra non só pola economía do eucalipto, tamén por industrias como a mineira ou a enerxética."**

Na presentación deste plan forestal, o director xeral de Montes, Tomás Fernández-Couto, defendeu o eucalipto ao que seica non hai que demonizar porque "*xera un volume de rendas importantes*". Iso é certo. O eucalipto xera rendas principalmente para a empresa ENCE e as madeireiras intermediarias. Non en van, ENCE tivo en 2017 uns beneficios netos de 91'7 millóns de euros. O eucalipto tamén xera rendas para miles de persoas que os plantan e non viven do rural: pensionistas, persoas propietarias que teñen o domicilio en vilas e cidades, etc. Cada 20 ou 30 anos, venden a madeira e sacan uns cartos que, sen dúbida, lles veñen moi ben.

Pero, ao mesmo tempo, a economía do eucalipto ocupa de maneira ilegal as terras agrarias coa complicidade da Xunta, as plantacións reducen a produtividade dos prados e leiras veciñas, impiden o acceso a máis base territorial dos labregos e labregas para progresar ou facer máis rendible a súa profesión, arrasan os recursos hídricos, fomentan o abandono do rural, promoven o caos na xestión do territorio, traen a fauna salvaxe a espazos onde antes non tiña presenza, facilitan a expansión dos lumes e dificultan a súa prevención e extinción, etc. Quen custea toda esta desfeita que, probablemente, se podería cifrar en centos ou miles de millóns de euros?

É dicir, a economía do eucalipto beneficia unhas poucas empresas e absentistas que, decotío, non viven no medio rural; ao tempo que constrinxen, e mesmo impiden, actividades agrogandeiras que xerarían riqueza permanente, tanto a nivel particular das familias labregas como a nivel social. A agricultura e a gandería manteñen o medio rural poboado, o territorio limpo e xestionado, estimulan a economía local, producen alimentos para a sociedade, crean postos de traballo duradeiros no tempo e ligados ao territorio, etc.

Mais, entrambos modelos, o PP leva décadas apostando, dende a Xunta, por ENCE e o abandono rural. Ese abandono favorece o acaparamento da nosa terra non só pola economía do eucalipto, tamén por industrias como a mineira ou a enerxética. Pero teñen un problema: no rural seguimos a vivir miles de labregos e labregas que si cremos nel, que gañamos a vida coa produción de alimentos, e que imos seguir defendendo o noso dereito a facelo dignamente e na nosa terra. Visto así e cun pouco de retranca, igual xa vai sendo hora de darlle a volta á tortilla e pedir unha lei que cree franxas de seguridade entre as nosas casas, granxas e leiras con respecto a toda esa caterva de industrias depredadoras e maleza política que teiman en acabar co noso medio de vida.

Tódolos contidos deste periódico publícanse baixo licenza Creative Commons Non Comercial / Atribución / Compartir igual

FOUCE

**EDICIÓN**
Edicións Fouce, Departamento de Publicacións de Servicios Agrarios e Contables SL

**CONSELLO EDITORIAL:**
Isabel Vilalba Seivane, Xabier Gómez Santiso e Conchi Mogo.

**COLABORACIÓNS**
Isabel Vilalba Seivane, Conchi Mogo, Henrique Outes, Andrés Castro, Margarida Prieto Ledo, Vitoria Portas, Brais Álvarez López, David González Eirexas e Belén Fervenza.

**PECHE DE EDICIÓN** 17-08-2018

**COORDINACIÓN**
Xosé García Rodríguez

**DESEÑO E MAQUETACIÓN**
Xosé García Rodríguez

**ENDEREZO**
Ofelia Nieto nº 13-23. Compostela
981 554 147
prensa@sindicatolabrego.com
www.sindicatolabrego.gal

**NACIONAL** Ofelia Nieto 13-23, Meixonfrío, Compostela. ☎ 981 554 147
**COMPOSTELA** Idem Nacional. ☎ 981 588 532
**MELIDE** Praza do Convento 2. ☎ 686 936 429
**ARZÚA** Piñeiral 12, 2º esq. ☎ 981 508 177
**SANTA COMBA** Aula 9 do Edificio Multiusos. ☎ 699 924 632
**ORDES** Alfonso Senra 117. ☎ 981 682 908
**BETANZOS** Cruz Verde 7, esquina praza Dona Agueda. ☎ 981 773 377
**TEIXEIRO** Martínez Pardo 13, 1º esq. ☎ 981 789 781
**MOECHE** Casetas da feira de Moeche. ☎ 698 125 154
**VALDEORRAS** Rúa Eulogio Fernández 3, entrechán, local 2. ☎ 616 504 487
**RIBADAVIA** Virxe do Portal 11. ☎ 988 477 230
**XINZO** San Sebastián 16, baixo. ☎ 988 462 547
**LUGO** Miguel de Cervantes 47, ent. ☎ 982 231 154
**SARRIA** Bar Parisien. Calvo Sotelo 180. ☎ 604 027 886
**CHANTADA** Emilia Pardo Bazán 11, baixo. ☎ 982 440 804
**A FONSAGRADA** Bar A Lúa. Rosalía de Castro 16. ☎ 698 157 379
**BECERREÁ** Restaurante Boavista. Eulogio Rosón 23. ☎ 604 027 886
**RIBADEO** Av. Calvo Sotelo 3, 1ºE. ☎ 982 130 615
**LOURENZÁ** Av. Fernández del Riego 5, 1º C. ☎ 982 121 376
**VILALBA** Rúa do Cuartel 1, ent. A, estrada de Meira. ☎ 982 512 431
**MEIRA** Avenida de Lugo 47-49. Edf. Miño, ent E. ☎ 982 331 714
**A ESTRADA** Rúa 100, baixo 1. ☎ 986 573 232
**LALÍN** Monte Faro 28, baixo. ☎ 986 792 268
**SILLEDA** Av. do Parque 32, centro comercial O Parque, of. 12. ☎ 986 580 526
**PONTEAREAS** Av. Galicia. Edif. Costa Gallego 16. Entrechán, of. 6 ☎ 986 641 508
**O ROSAL** Ramón Franco, Edf. Rosales. ☎ 986 625 394
**O SALNÉS** Av. Bouza Matín 9, 1º. Barrantes (Ribadumia). ☎ 699 924 630

**VIÑO** ▸ As fincas vitícolas fican outra vez desamparadas porque os seguros agrarios non cobren este tipo de pragas fúnxicas nas denominacións de orixe da metade norte

# As anomalías no clima propician un forte ataque de mildiu e black rot na Galiza

**Zonas como Valdeorras, onde a incidencia do mildiu era baixa, poderían perder até o 40% da colleita este ano**



O cambio climático que estamos a sufrir está a propiciar unha maior incidencia de enfermidades nas viñas como o black rot ou o mildiu. Aínda que se trata dun problema que se está a padecer de maneira global en toda Galiza, comarcas como Valdeorras estanse a ver particularmente afectadas, xa que polo que seu clima, fungos como o mildiu non tiñan alí tanta incidencia como noutras bisbarras.

En efecto, a comarca de Valdeorras sufriu un ataque de xeito masivo de mildiu, xa que se deron as condicións climatolóxicas ideais para o desenvolvemento do fungo: primavera con intensas e continuas choivas, temperaturas en xuño que non superaron os 30° e floración tardía e moi irregular que non deixou desenvolver os acios por rotura da flor. Ademais, a causa das intensas choivas, non foron efectivos os tratamentos fitosanitarios porque a folla quedaba lavada antes de que o produto aplicado fose efectivo.

Así, cunha alta humidade ambiental e temperaturas entre 24° e 30°, déronse as condicións ideais para o mildiu con consecuencias desastrosas nos viñedos: acios moi atacados, uva podre e, por extensión, perda total ou parcial da colleita en moitas parcelas. Segundo as estimacións do vocal do SLG no Consello Regulador da D.O. Valdeorras, Antonio García Fernández, as perdas medias de produción na denominación de orixe poderían estar entre o 30% e o 40%.

**Sen cobertura nos seguros agrarios**

O problema agrávase porque dende Agroseguro informan que o mildiu non ten cobertura na Galiza en ningunha das modalidades existentes. A explicación que dan é que sería moi doada a fraude con deixar as vides sen tratar para despois dar parte e cobrar o seguro.

Para o Sindicato Labrego Galego, esta actitude das aseguradoras é totalmente rexeitable, xa que ademais de deixar sen cobertura as parcelas, criminaliza ao sector augurando prácticas fraudulentas que, en caso de darse, serían moi doadas de detectar.

Por iso, dende o SLG demandamos que o mildiu sexa unha praga asegurable como xa o é noutras comunidades do Estado (Andalucía, Castela A Mancha, Estremadura, Illas Baleares, Madrid, Murcia e Valencia). O SLG leva anos denunciando a necesidade de que as liñas de seguros agrarios que se deseñan en Madrid para todo o Estado se adapten á realidade galega, pois hai moitos sectores da nosa terra, especialmente o do viño, que se atopan desamparados ante situacións de crise coma esta por non poder contratar coberturas para os riscos aos que están expostos.



III FORO LABREGO DE AGROECOLOXIA

20-21 OUTUBRO

ALLARIZ

EXPERIENCIAS COLECTIVAS

VIABILIDADE DE PROXECTOS

CLAVES PARA O TRABALLO COLECTIVO

RELACIÓNS AGRO CONSUMO

**Máis información en:**
**nacional@sindicatolabrego.com ou no 981 554 147**





**LEITE, CASA CODESAL (FRIOL)** ▸ Recentemente, Campo Galego (www.campogalego.com) publicou unha reportaxe sobre unha granxa afiliada do Sindicato Labrego Galego: Casa Codesal, de Friol (Lugo). Nela subliñaban que esta gandería da familia Rivas Corredoira é un referente en España en vacún de leite en ecolóxico e apuntaban como claves o aproveitamento da herba, a boa xestión ou limitar o emprego de concentrado. Nos galardóns Exceleite 2017, promovidos pola Xunta e o Ligal, este bo facer propiciou que Casa Codesal levase dous primeiros premios, un como mellor granxa mediana en extensivo e outro como a mellor ecolóxica.

# Casa Codesal: un referente en España na produción de leite ecolóxico

por David González Eirexas

Casa Codesal é unha das ganderías de referencia en España en vacún de leite en ecolóxico. Esta explotación familiar, situada no concello lucense de Friol, destaca por ser unha das que mellor manexo realiza do gando e do pastoreo en España, reducindo notablemente o uso de concentrado, e polo tanto os custos de produción.

Son numerosas as visitas técnicas a esta gandería, a última durante a reunión de primavera da Sociedade Galega de Pastos e Forraxes, e chama a atención que case todas elas comezan polo máis importante: un taboleiro onde está exposto o mapa das parcelas da explotación. É o calendario de rotación de pastoreo, onde se anota a onde deben ir pacer as vacas cada día, así como a programación de cortas de herba e de abonado das pradeiras. E é que en Casa Codesal aplican o lema dos gandeiros en extensivo: máis que producir leite dedícanse a producir herba.

Ángel Rivas Lamas é o gandeiro titular desta explotación, xunto á súa muller, María Paz Corredoira Ferreiro e o seu fillo, José Antonio Rivas Corredoira. Foi un dos primeiros que decidiu en España dar o paso cara á produción en ecolóxico no ano 2003 e asegura que a súa decisión de debeu "*á previsión de baixada dos prezos do leite e de aumento dos custos de produción, e a que Lactalis, a quen lle vendíamos daquela, nos animou*".

### ✓ "*Estar en xestión permitiunos ter datos reais e atinar na toma de decisións*"

Partían dunha explotación familiar pequena pero profesionalizada e con vocación de permanencia no futuro. E algo moi importante, con moitos datos que lles axudaron a tomar decisións correctas. Así dende o ano 1984 está no programa de xestión da Xunta, e agora mesmo está en tres, no da cooperativa, no de Xestión Agrogandeira e Natureza e no da asociación Edf European Dairy Farmers. "*Para nós ter datos reais da situación da gandería axudounos moito a acertar na toma de decisións*", destaca .

Deste xeito, unha estratexia que seguiron en Casa Codesal para producir en ecolóxico foi ampliar a base territorial e reducir a carga gandeira, minimizado tamén o uso de penso ecolóxico. "*Temos que estar adaptados a calquera altibaixo dos prezos, de forma que incluso con prezos baixos do leite ecolóxico non perdamos diñeiro*", explica Ángel. Actualmente os seus gastos en alimentación son de 10,27 céntimos de euros por litro, o que lles deixa unha marxe neta importante para resistir as oscilacións do prezo do leite ecolóxico no mercado.

### ✓ "*Utilizamos as axudas para ampliar a base territorial*"

A dia de hoxe o retrato de Casa Codesal é o dunha gandería con 56 hectáreas de base territorial, das que 44 son en propiedade, e 52 vacas en lactación, o que dá como resultado unha carga gandeira do entorno da 1 UGM por hectárea.

Para lograr isto, "*utilizamos o período de conversión de dous anos e as subvencións de axudas agroambientais para mercar terra, de forma que practicamente duplicamos a nosa SAU, que pasou de 25 hectáreas en 2003 a 56 na actualidade*".

A produción media por vaca é de 7.000 litros por lactación, cunha lonxevidade superior aos 4 partos. No 2016 esta gandería produciu 331.000 litros de leite ecolóxico.

# Menos concentrado e control estrito da produción para garantir as marxes

**Millo cultivado en ecolóxico sen herbicidas nin binado**

Casa Codesal tamén cultiva entre 4 e 6 hectáreas ao ano de millo forraxeiro ecolóxico e fano sen empregar ningún tipo de herbicida nin de laboreo mecánico para evitar as malas herbas. ¿Como o conseguen?: "*Sementámolo en pradeiras que rotamos cada un mínimo de 5 anos, e sementamos un ciclo curto entre o 20 e o 30 de maio, e desta forma non bota practicamente herba e non volvemos entrar na parcela ata finais de setembro para ensilalo*", explica Ángel.

Os rendementos do millo, que nesta explotación teñen cuberto con seguro, oscilan segundo a climatoloxía do ano entre as 25 e as 50 toneladas de materia húmida por hectárea.



A excelencia da granxa de Ángel Rivas fixo que en 2017 levase dous primeiros premios en Exceleite: mellor leite de granxa mediana en extensivo e mellor en ecolóxico

**"*Como máximo empregamos 200 gramos de concentrado por litro de leite e queremos baixar a 150*"**

Esta optimización da herba como fonte principal de alimentación foi acompañada dun notable descenso do uso de concentrado. "*Pasamos de empregar no ano 2003 algo máis de 400 gramos de penso por litro de leite, a estar en torno aos 200 gramos, e poderíamos baixar, e posiblemente baixemos a 150 gramos*", destaca este gandeiro. O suplemento de penso oscila entre os 4 kilos por vaca cando hai pasto en abundancia, a 6 kilos nos meses de seca ou no inverno.

**"*Poderíamos subir produción pero sería menos rendible*"**

"*Agora mesmo* -explica Ángel- *a nosa produción por vaca oscila entre os 6.000 e os 7.000 litros por vaca e ano e é como nos é rendible. Se quixéramos subir a 8.000 litros de produción teríamos que empregar máis de 200 gramos concentrado e non sería económico*", subliña.

**Uso de antibióticos e desparasitacións**

Outras das preocupacións de Ángel Rivas á hora de pasar a producir en ecolóxico era o uso de antibióticos, especialmente para o secado.

"*Como moitas outras explotacións, facíamos o secado en sábana e eramos algo reacios a deixar de facelo porque tiñamos dúbidas do que pasaría*", recoñece. Agora mesmo, deixaron de utilizar antibiótico no secado para o 80% das vacas, nas que só empregan sellador de silicona, e limitan o uso de antimicrobianos ao 20% restante, en concreto a aqueles animais que nalgún momento tiveron un RCS por riba das 200.000.

"*Os resultados foron moi bos, porque estamos por debaixo das 100.000 RCS, cando antes estábamos en 130.000*", subliña.

En canto ás desparasitacións, en Casa Codesal limitan este tratamento ás vacas secas e ás xovencas, pero non o aplican nas vacas en produción.

Fóra dalgún caso puntual de mamite ou dalgún problema de coxeira, o gando desta explotación prácticamente non precisa do veterinario, algo que, segundo Ángel, tamén se debe a que "*dende 1991 somos unha explotación pechada á entrada de animais, recriando do noso propio rabaño para non ter que mercar*".

**Obxectivos cara ao futuro: mellorar as calidades do leite**

En canto aos obxectivos que se marca esta gandería de cara o futuro, o principal é mellorar as calidades do leite, algo que tamén lles demanda Casa Grande de Xanceda, a nova empresa á que lle subministran leite.

E é que ata o de agora as súas calidades son moi variables, debido á dispoñibilidade de pasto e ao tipo de raza, situándose no límite. Así, no 2016 foron dunha media de 3,61 de graxa e de 3,1 de proteína.

**"*Queremos seguir con menos de 200 gramos de penso por litro de leite*"**

Para mellorar estes datos, na selección de touros para os acoplamentos pasaron de primar lonxevidade e patas a situar en primeiro lugar as calidades. Tamén están a realizar cruces da Holstein con outras razas máis produtivas en graxa e proteína, neste caso coa Montbeliard e coa Roxa Sueca.

Outro dos seus obxectivos é construír un cuberto para compostar o esterco e mellorar así as súas propiedades fertilizantes.

"*E polo demais seguiremos producindo o leite que nos sexa máis rendible, nunha media de 6.500 litros por vaca e con non máis de 200 gramos de concentrado por litro*", conclúe Ángel Rivas. Ou dito doutro xeito, producir leite da forma máis barata e sostible que existe: coa herba que pace a vaca.

Para saber máis, visita:
**www.ganderiacasacodesal.com**

## Tecendo redes e compartindo saberes con granxas de Europa

Na actualidade, nunha decidida aposta pola mellora na transferencia de coñecementos, Casa Codesal, xunto con outras granxas, está a colaborar co Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo e outras entidades nalgúns dos seus proxectos. Entre os máis destacados estarían o proxecto **Eurodairy**, que se desenvolve en 14 países en rede para establecer grupos operativos cos que conectar as granxas e compartir coñecementos. Tamén cómpre citar o **Dairy for Future**, no que participan outras dez institucións europeas do arco atlántico, abranguendo dende Escocia ás Illas Azores; este proxecto está a propiciar o intercambio de coñecementos innovadores sobre sistemas leiteiros máis eficientes, cunha maior sostibilidade e resistencia diante de calquera incremento futuro na volatilidade dos prezos do leite ou adversidades climáticas, preservando os recursos naturais.

**LEITE** ▸ Tamén hai unha regulación a nivel europeo

## A Generalitat regulariza a venda directa de leite cru nas granxas de Catalunya

O Govern da Generalitat de Catalunya aprobou en xullo un real decreto de venda directa de leite cru de vaca. O obxectivo é regular a venda por parte dos produtores e produtoras de leite directamente ao consumidor ou consumidoras finais nas modalidades de venda na propia granxa, a través de máquina expendedora ou a un establecemento minorista.

O decreto regula os requisitos que deben cumprir as granxas en aspectos como a produción, manipulación, venda, envasado, transporte, etiquetaxe e información aos consumidores e consumidoras. Estes requisitos xa estaban regulados pola normativa europea de hixiene alimentaria. En concreto, polo Regulamento 853/2004 sobre hixiene nos alimentos de orixe animal.

A pesares de que existe unha normativa europea que regula a venda de leite cru, no Reino de España está en vigor o Real Decreto 640/2006 que dificulta moito a venda de leite cru se non se fai a unha industria.

**VACÚN DE CARNE** ▸ Realizaranse accións para visibilizar o traballo dunhas granxas esenciais para o mantemento dun medio rural vivo

# Viaxe e campaña en outono para dinamizar o sector da carne

**Visitarase o Parque Natural de Somiedo para ver como as granxas dan traballado nunha zona con presenza de osos e lobos**



Aproveitando a xuntanza da Dirección de Vacún de Carne na comarca do Deza, fíxoselle unha visita á granxa de Concepción Fernández, en Brántega (Agolada)

O 20 de xullo, a Dirección de Vacún de Carne do SLG volveu reunirse. Desta vez, o encontro foi en Lalín e nel tratáronse temas como a crise que se vive en torno aos prezos, o elevado custe dos insumos, os ataques da fauna salvaxe ou a elevada carga impositiva que as granxas teñen que aturar.

Constatouse tamén que o sector da carne sufre unha grande invisibilidade, algo moi inxusto se pensamos que a súa actividade é esencial para o noso rural, tanto polo número de explotacións en activo como polos empregos que mantén.

Precisamente, para enfrontar isto, na Dirección da Carne decidiuse levar a cabo, en outono, unha campaña divulgativa para amosar á cidadanía a importancia económica e social do sector, así como a difícil situación que atravesa. Ademais, a campaña tamén pretende ser unha canle de expresión das demandas do sector diante da Administración.

Na mesma xuntanza, tamén se aprobou levar a cabo unha viaxe formativa en setembro. Será ao Parque Nacional de Somiedo, en Asturies, para ver de primeira man proxectos onde se practica o pastoreo durante gran parte do ano e, de paso, estudar as medidas preventivas que usan as ganderías da zona para paliar ataques de fauna salvaxe coma osos e lobos.

Trala xuntanza, visitouse a granxa de Concepción Fernández en Brántega (Agolada), onde practican pastoreo en 40 hectáreas. Para iso, dividen o gando en lotes e concentran os partos en función da demanda do mercado e a propia capacidade produtiva das praderías. Tamén explicou Concepción como finalizaban o engorde dos tenreiros para obter un rendemento axeitado a un baixo custe, aumentando deste xeito as marxes de beneficio.

**VIÑO** ▸ A marca de referencia de Adegas Lareu obtivo este galardón na categoría de colleiteiros e pequenas adegas

# Acio de Ouro para Sabatelius na XXX Cata dos Viños de Galiza

O vocal do SLG no Consello Regulador da DO Ribeira Sacra, Primitivo Lareu, foi galardoado co Acio de Ouro na XXX Cata dos Viños de Galicia, que organiza cada ano a Consellaría de Medio Rural e cuxa lista de adegas premiadas se fixo pública o 12 de xullo. A categoría na que Lareu obtivo o premio foi na de "Viños de colleiteir@ e pequenas adegas. Tinto", e o caldo premiado o Sabatelius, un viño do ano feito con uva Mencía. O certo é que a última anada de Adega Lareu prometía, xa que o mesmo viño obtivo en marzo o premio ao mellor tinto xove na XXX Feira do Viño de Chantada, tanto por parte do xurado profesional como da cata popular.

Primitivo Lareu, a quen xa temos entrevistado no Fouce (ver números 255 e 302), hai xa



case dúas décadas que tomou o relevo na adega familiar de Sabadelle (Chantada), apostando por crear unha marca propia ligada á terra e ás viñas que traballou a súa xente devanceira, nas ladeiras do Miño, na Ribeira Sacra. Aínda que leva moito camiño andado, Primitivo segue aprendendo e tentando mellorar. De aí que, co tempo, os viños novos que comezou elaborando coa marca Sabatelius -un tinto de Mencía e un branco con Godello e Treixadura- evolucionasen para facer caldos máis traballados, con maduración en barricas de madeira, como o Sabatelius Carballo, Ouvenza (con Mencía, Garnacha e Brancellao) ou Noa (viño de Godelo e Treixadura fermentadas en barricas de carballo francés).

**EDUCACIÓN** ▸ O SLG e o Colexio Profesional de Logopedas denuncian a denegación dunhas axudas que até agora se viñan concedendo

# Novos recortes ao alumnado con necesidade de apoio educativo

**A rapazada que vive no rural é a máis vulnerable, ao carecer dos servizos e facilidades que hai nos centros urbanos**



Margarida Prieto Ledo foi a encargada no Sindicato Labrego Galego de denunciar este tema; na imaxe, aparece xunto a Roberto Amarelo, pai afectado

O Colexio Profesional de Logopedas de Galicia (CPLGA) e o Sindicato Labrego Galego (SLG) reuníronse para analizar os casos das numerosas denegacións de axudas para alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio educativo convocadas polo Ministerio de Educación que se produciron na pasada convocatoria.

Dende hai anos, estas axudas contemplan dúas modalidades: axudas e subsidios dirixidos a alumnado con necesidade específica de apoio educativo derivada de discapacidade ou trastorno grave de conduta, e axudas para programas complementarios a alumnos e alumnas con necesidade específica de apoio asociada a altas capacidades.

Moitas das denegacións que se produciron na pasada convocatoria débense ao feito de que os/as solicitantes non teñen o recoñecemento de discapacidade e que esta circunstancia deixa fóra das axudas a grande cantidade de nenos e nenas con necesidade de apoio educativo por trastornos que afectan directamente ao seu desenvolvemento, como poden ser os trastornos específicos da linguaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade, ou a dislexia, entre outros.

A necesidade de intervención logopédica nestes casos é esencial dende o mesmo momento do diagnóstico, polo que a falla de apoio económico obriga a moitas familias a abonar integramente estas terapias ou, no peor dos casos, a prescindir delas.

Ademais, a realidade das familias do rural vese agravada, xa que teñen que salvar outras dificultades na educación das súas fillas e fillos con necesidades especiais de apoio educativo como falta de servizos cercanos ao domicilio, problemas de transporte ou largas distancias a percorrer para acudir a terapias.

**IBI** ▸ En Baleira, A Pastoriza, Muxía e A Fonsagrada

## Campaña do Sindicato Labrego sobre o catastrazo da Fonsagrada á Costa da Morte

Cunha charla que tivo lugar no salón de actos co Concello da Fonsagrada, a mediados de xullo, o Sindicato Labrego Galego continuou a súa campaña informativa sobre o catastrazo e as súas consecuencias que o levou tamén até concellos como Baleira e A Pastoriza.

A escolla destes concellos explícase porque na Fonsagrada e Baleira xa comezaron a chegar, tralo proceso de revisión catastral, as notificacións de cobro dos atrasos do IBI de 2013 a 2016. Pola súa banda, na Pastoriza están na última fase da regularización dos bens catastrais, polo que en breve terán que pasar pola mesma tesitura.

A maiores, tamén se celebrou unha asemblea informativa sobre o catastrazo, o 23 de xullo, en Quintáns (Muxía).

Ademais destas charlas, o SLG solicitou xuntanzas con responsábeis municipais para tentar que a regularización sexa o menos lesiva para as familias do rural e, especialmente, para as que teñen na agricultura ou na gandería o seu medio de vida.

**MINAS** ▸ O rexistro fíxose o 11 de xullo en Compostela para esixirlle á Xunta que se emita xa un informe negativo

## Entregan 26.000 sinaturas contra a mina de Touro e O Pino

A Plataforma Mina Touro O Pino NON fixo entrega de 26.112 sinaturas contra o proxecto de extracción de cobre de Atalaya Mining que afecta a estes concellos e outros como Santiago de Compostela e Boqueixón. As sinaturas foron entregadas o 11 de xullo no rexistro xeral da Xunta e ían dirixidas ao seu presidente, Alberto Núñez Feijóo; e no acto estiveron presentes as nosas compañeiras Marieta Pastoriza e Conchi Mogo.

En declaracións aos medios de comunicación, a presidenta da Plataforma, Isabel García, declarou que "*xa é o momento de que a Xunta emita unha resolución negativa, sen ter que agardar máis, xa que temos os informes sectoriais e só falla a declaración de impacto ambiental*".



Acto de entrega de sinaturas o 11 de xullo, diante do Rexistro Xeral da Xunta, con Conchi Mogo e Marieta Pastoriza por parte do SLG, primeira e cuarta pola esquerda

**ORGANIZACIÓN SINDICAL** ▸ Unha asemblea celebrada o 7 de xullo en Lugo elixiu a Olga Otero, de Chantada, e Cándido Iglesias, de A Baña, como responsábel e vicerresponsábel

# Unha coordinadora pon en marcha a Secretaría das Persoas Xubiladas do SLG

**A creación do novo órgano do Sindicato Labrego Galego formalizarase no vindeiro congreso da nosa organización agraria**



O SLG celebrou, o 7 de xullo, unha asemblea en Lugo na que creou unha Coordinadora que guiará o proceso para constituír, no vindeiro congreso, a que será a Secretaría das Persoas Xubiladas, un órgano que centrará o seu traballo naquelas cuestións propias deste sector da afiliación. Inicialmente, serán responsábel e vicerresponsábel da Coordinadora Olga Otero, de Arcos (Chantada); e Cándido Iglesias, de Cabana (A Baña). Formarán parte tamén na Coordinadora Cruz Valle, Carme Veiga, Rosario Villadóniga, Jorge Pacio e Araceli Pillado; estando previstas novas incorporacións nos vindeiros meses.





Unha concorrida asemblea (arriba) foi a encargada de escoller a Olga Otero e Cándido Iglesas como responsábeis da coordinadora que se encargará das cuestións das persoas xubiladas no SLG até o vindeiro congreso

## *"Que lle imos deixar ás xeracións máis novas se non nos unimos e loitamos?"*

Tanto a responsábel como o vicerresponsábel da nova Coordinadora das Persoas Xubiladas teñen acumulada unha longa experiencia de décadas, tanto na súa implicación sindical e social, como no traballo labrego. De feito, **Cándido Iglesias** xa militaba na loita agraria galega a comezos dos setenta e en plena ditadura franquista. "*Estou moi orgulloso de ter sido revolucionario en vida de Franco, pero o orgullo máis grande que teño é o de ter sido unha das persoas que fundaron o Sindicato Labrego Galego e de seguir pertencendo a el*". Agora, coa granxa de leite na que traballou toda a vida en Cabana (A Baña) en mans do fillo, asume o reto de participar nas loitas da xente xubilada do SLG.

En canto á responsábel da Coordinadora, **Olga Otero**, é un vivo exemplo da forza que expresan as mulleres labregas co seu quefacer: agricultora e activista toda a vida, mesmo despois de xubilada, tamén levou ás costas a crianza do fillo e da filla e o coidado de dúas persoas dependentes: o seu home e a súa nai. Por ter, mesmo tivo a mala experiencia de dedicar uns cartos a un plan de pensións privado que non puido recuperar até xubilarse e tras superar un ano de atrancos burocráticos; e loitou moi duro para conseguir a pensión pública á que tiña dereito, polo que sabe ben das carencias ás que se enfrontan as persoas xubiladas e aquilo polo que deben loitar: "*Eu teño que pagar unha medicina que antes era gratis, 10 € todas as semanas; ao cabo dun mes son 40 €, máis o que subiu a luz e os impostos, outros medicamentos, seguros, etc. Co cal, coa pensión que teño, debo seguir traballando: eu teño a miña horta, os meus animais. Teño que traballar todos os días e fareino mentres poida. E cando non poida, se non me soben a pensión, pois serei moi pobre ou dependente do meu fillo e da miña filla. Que lle imos deixar ás xeracións máis novas se isto segue igual e non nos unimos e loitamos?*".

SEGUE ▸

## Isabel Vilalba Seivane

# "O 56% das pensións galegas están por debaixo do salario mínimo"

A secretaria xeral do SLG, Isabel Vilalba Seivane, foi a primeira en intervir, destacando o peso cada vez maior que están a ter as persoas xubiladas, tanto na sociedade galega en xeral, como na propia organización sindical. De feito, hoxe en día o 25% da poboación está xubilada, e estímase que, en 2031, esa porcentaxe chegará ao 33%. De aí que sexa moi necesario crear un espazo de participación a estas persoas no seo do SLG, porque a súa achega, por experiencia e capacidade, segue a ser fundamental. Razóns hai abondo. Por exemplo, explicou Vilalba, "*o 56% das pensións galegas están por debaixo do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) que en 2018 situouse nos 735'90 €, sendo a porcentaxe máis alta do Estado. Isto agrávase no agro, onde a maioría non aspira a ter unha pensión que chegue ao SMI e cobra a pensión mínima de 639'30 € ou menos. E outro dato a ter en conta: dese 56% que ten pensións por baixo do SMI, o 81% son mulleres*".

Isabel Vilalba criticou que, nos últimos catro anos de goberno do PP, gastáronse 68.000 millóns de euros do fondo de reserva das pensións, xa que, actualmente, os cartos que ingresa o Estado non abondan para manter o Sistema Público de Pensións. Sen embargo, o rescate bancario tivo un custe de 77.000 millóns de euros, dos cales o Banco de España dá por perdidos 60.600 millóns.



Outras frontes de loita abertas para as persoas xubiladas son a Lei de Dependencia, totalmente anulada por falla de orzamentos; ou o copago farmacéutico de medicamentos, co que a Xunta di aforrar 145 millóns de euros ao ano, aínda que visto dende a perspectiva das persoas xubiladas, "*son cartos que teñen que asumir as persoas que agora pagan por medicamentos que antes eran gratuítos*".

Estes feitos, xunto con outros coma que o 66% das residencias para persoas maiores sexan privadas e custen unha media de 1.800 € ao mes, están a facer dos xubilados e xubiladas un nicho de negocio e non persoas que teñen todo o dereito a levar unha existencia digna nesta etapa das súas vidas.

## Xabier Pérez Davila

# "O Sistema Público de Pensións é o mellor instrumento de loita contra a pobreza que temos hoxe en día"

A seguinte intervención foi a do escritor, mestre e sindicalista, Xabier Pérez Davila, que explicou o funcionamento do Sistema Público de Pensións (SPP). Davila explicou que "*mentres na Galiza hai un millón de persoas activas que sufragan as pensións de 700.000 xubiladas; no Estado, as activas son 19 millóns, fronte a 9 millóns que perciben unha paga. Grazas a este sistema, a taxa de pobreza entre as persoas maiores é a máis baixa na historia, polo que o Sistema Público de Pensións é o máis grande instrumento de loita contra a pobreza que temos*".

Davila subliñou cinco ameazas fronte ás que debemos loitar:

**1. Pensións demasiado baixas.** Case 4 millóns de pensións que non chegan ao SMI.

**2. Desigualdade de xénero.** En todas as sociedades, as mulleres traballan máis cós homes, pero os seus salarios e ingresos son máis baixos. O SPP reproduce isto: A pensión media de xubilación dun home é de 1.250 €, mentres que a dunha muller é de 800 €.

**3. Desigualdade territorial.** Mentres que a pensión media no Estado é de 1.078 €, en Madrid é de 1.271 € e na Galiza non chega a 900 €.

**4. Perda de poder adquisitivo das pensións.** Até 2013, as pensións subían tanto como o Índice de Prezos de Consumo (IPC). A reforma de Rajoy fixo que as pensións só suban o 0'25% cada ano, polo que se desvalorizan. Calcúlase que cada pensionista acabará perdendo un 30% do seu poder adquisitivo.

**5. Os ingresos por cotizacións sociais non abondan para manter o sistema.** Até o 2010, o SPP tiña superávit e sobraban cartos. En 2011 comezou a haber déficit. A causa fundamental deste déficit foi que a reforma laboral de 2012 fixo que os salarios perdesen moito poder adquisitivo. Se os salarios mantivesen a mesma relación co PIB de antes da reforma, os traballadores e traballadoras percibirían 42.000 millóns de euros máis cada ano. Se eses 42.000 millóns de euros cotizasen á Seguridade Social, suprimiríanse dúas terceiras partes do déficit. Na UE, os estados recadan 45 euros sobre cada 100 que se producen; no Estado Español, 38. Recadamos un 7% menos. Só pagando o mesmo nivel de impostos que a media da UE, recadariamos 81.000 millóns de euros máis.



Xabier Pérez Davila denunciou a intención dos grandes poderes financeiros de "*privatizar a parte do sistema público de pensións que lles pode dar beneficios*". E, para iso, promoven decisións políticas encamiñadas a reducir as pensións, para que a xente se vexa na obriga de contratar plans privados. E queren facer o mesmo con coberturas sociais imprescindibles, como a educación ou a sanidade.

Para facer fronte a isto, Davila falou da importancia das mobilizacións sociais. E un bo exemplo son, precisamente, as que se están a desenvolver en defensa do sistema público de pensións. "*Por primeira vez na última década, conseguimos arrincarlle ao poder unha vitoria real*".

En concreto, as protestas obrigaron ao Goberno de Rajoy a subir o 3% a máis de tres millóns de pensións, a que o resto de xubilacións subisen igual que o IPC (1'6%), que para o ano 2019 volvan subir igual que a inflación e que o factor de sostibilidade non se comece a aplicar até 2023.

SEGUE ▸

## Victoria Portas Mariño

# "*As baixas pensións obrigan aos labregos e labregas a seguir traballando despois de xubilarse*"



En canto a Victoria Portas, coordinadora do Movemento en Defensa das Pensións (Modepen), centrou a súa intervención en analizar a discriminación que sofren os labregos e as labregas co actual sistema de pensións. Portas denunciou que o Goberno, a través de pequenas reformas para non crear alarma social, foi socavando a Seguridade Social labrega pouco a pouco. E fíxoo así:

**1.** En 2007, coa **Lei 18/2007, as persoas que traballan no agro pasan ao réxime de autónomas**. Daquela, había na Galiza 76.000 persoas autónomas e 200.000 na agraria. No momento de entrar en vigor a lei, do réxime agrario danse de alta como autónomas 35.000 persoas. Isto quere dicir que moitísimas mulleres que cotizaban pola agraria non pasaron a cotizar como autónomas. E non o fixeron porque os ingresos non lles daba para cotizar e, no meirande dos casos, os homes foron os que pasaron a cotizar como autónomos. Isto implica que esas mulleres non poderán ter unha xubilación digna e, con sorte, poderán acceder a unha prestación non contributiva.

**2.** En 2011, **o réxime especial agrario (REA) intégrase no réxime xeral**, pero sen beneficiarse dos seus elementos positivos, como as prestacións por desemprego, os subsidios a maiores de 55 anos desempregados ou as baixas dende o primeiro día, etc.

**3.** A isto habería que engadir todas as **reformas da Seguridade Social** dende o ano 2011: a idade de xubilación pasa dos 65 aos 67; o subsidio para desempregados maiores de 52 anos eleva a idade a 55 e computa os ingresos da unidade familiar, polo que exclúe ao 89% das mulleres que podían optar a el; e dificúltanse os requisitos da xubilación anticipada, que só se pode coller aos 63 ou 64 anos cunha perda da base de cotización entre o 40 e o 45%.

**4. O factor de sostibilidade:** Até 2012, as pensións calculábanse en función dos anos e da base cotizada. Agora, introducen un factor obtido entre a situación económica do país e a esperanza de vida.

**5.** O cambio na **revalorización das pensións**, que subirán só o 0'25% cada ano, e non o IPC.

**6. O copago farmacéutico:** 145 millóns de euros cada ano que aforra a Xunta.

En canto ás pensións que cobran os labregos e as labregas, son das máis baixas: e a súa media está 123 € por baixo do Salario Mínimo Interprofesional: 639'30 €.

Portas subliñou que o limiar de pobreza está en calquera persoa que viva con menos de 1.041 €, e que a pobreza severa padeceríana as persoas que viven con menos de 521 € ao mes, co que as pensións labregas rozarían a pobreza severa.

"*Todo isto implica*", denunciou Portas, "*que os labregos e labregas non se xubilan e seguen a traballar máis alá dos 65 e dos 67 anos, ou ben porque non teñen cotizados os 38 anos mínimos que se esixen para cobrar o 100% da pensión, ou porque esa pensión a que se ten dereito non abonda para subsistir. A consecuencia disto é que se disparou a taxa de sinistralidade laboral no agro galego dende o ano 2011*".

## Lidia Senra Rodríguez

# "*A UE debería preocuparse por uns plans de pensións públicos dignos*"

A eurodeputada da Esquerda Unitaria Europea, Lidia Senra falou, pola súa banda, das reformas que se están a facer na UE, centrando a súa intervención no chamado **Sistema Paneuropeo de Pensións**, que pretende regular o mercado comunitario dos sistemas de pensións privados: "*Queren facer un regulamento europeo para facilitar este mercado de pensións en toda a UE e que as grandes empresas poidan operar en toda a UE en igualdade de condicións, de maneira que poidas contratar un plan privado en calquera país da UE e desfrutalo en calquera parte do territorio comunitario*". Senra denunciou que este sistema pretende financiarse a través de incentivos fiscais nos diversos estados da UE, o cal repercutirá no descenso da recadación de impostos e, polo tanto, nos orzamentos públicos. Ademais, criticou a europarlamentaria, isto incidirá nas desigualdades sociais porque favorecerá sempre ás persoas con maior poder adquisitivo, que serán as que poderán contratar plans de pensións privados complementarios.



A única solución a todas estas problemáticas, coincidiron as relatoras, non está en apoiar os plans de pensións privados; senón en apostar fortemente polo Sistema Público de Pensións para melloralo e tentar minimizar as fendas que, na actualidade, o fan tan desigual e inxusto: a fenda territorial (as pensións galegas son máis baixas), de xénero (as pensións das mulleres máis baixas cás dos homes) e profesional (as pensións labregas máis baixas có resto das profesións). E respecto a estas desigualdades, Lidia Senra sacou a colación o artigo 25 da Carta de Dereitos Humanos da UE, que fala das persoas maiores: "*A Unión recoñece e respecta o dereito das persoas maiores a levar unha vida digna e independente e a participar na vida social e cultural*". Para iso, retrucou Senra "*a UE debería preocuparse por que todos os estados e en toda a UE houbese uns plans de pensións públicos dignos e suficientes*". ■

**FORMACIÓN** ▸ Dora Cabaleiro, de Negueira de Muñiz, representou ao SLG nun intenso roteiro por granxas e CSAs nos condados de Bristol, Somerset e Gloucestershire

# O BOND viaxa a Inglaterra para coñecer de preto as súas redes agroecolóxicas

**A seguinte xuntanza deste programa de intercambio e formación europeo celebrarase en Córdoba o vindeiro mes de setembro**






Participantes na xira de traballo do programa BOND en Inglaterra. Á dereita, Dora Cabaleiro, representante do SLG

A través do programa BOND (Bringing Organizations & Network Development) -que busca fortalecer a posición dos labregos e labregas a nivel local, nacional e europeo-, o Sindicato Labrego Galego participou nunha viaxe formativa a Inglaterra. A nosa representante foi Dora Cabaleiro, labrega da Cooperativa Ribeiregas, de Negueira de Muñiz e, desta vez, a experiencia foi organizada polo colectivo anfitrión Landworkers Alliance (Alianza dos Traballadores e Traballadoras da Terra-LWA), organización pertencente a La Vía Campesina.

O BOND está centrado en estudar en diversos países de Europa a mellor maneira de fortalecer as redes locais con proxectos que teñan a soberanía alimentaria e a agroecoloxía por bandeira, e facendo fincapé en acurtar as cadeas de comercialización dos alimentos e en mellorar a relación entre labregos e labregas e consumidores e consumidoras.

Tomando como base de operacións Monkton Wyld Court, en West Dorset, a primeira visita foi á sede da LWA, onde Jyoti Fernandes -coordinadora de campañas da LWA que forma parte da comité da Coordinadora Europea da Vía Campesina-, relatou como foron os inicios desta organización agraria, que pasou de ter 12 persoas ao comezo a 900 membros en tan só seis anos. Para a LWA, un dos principais retos é achegar a clase política aos labregos e labregas para poder traballar sobre problemas como as malas condicións de acceso á terra para as persoas que teñen que arrendala, nun país de grandes familias terratenentes coa raíña Isabel II á cabeza.
(landworkersalliance.org.uk)

Xa no campo, a primeira visita foi a unha granxa da familia Tamarisk, na que xa está a traballar a terceira xeración en producións singulares como a de tintas orgánicas de cor natural. Tamén, ao longo do día, coñecéronse experiencias como a da Steepholding Off-Grid Farm, granxa ecolóxica rexentada por Ruth O'Brien e Alex Wilson, que forman parte da cooperativa Ecological Land Cooperative (www.steepholding.co.uk).

## Bristol: Capital Verde Europea en 2015 e cidade alimentariamente sostible

En xornadas sucesivas, tamén se visitaron dúas comunidades que dan soporte á agricultura (CSAs) nas que grupos de cidadáns e cidadás mercan directamente a súa alimentación ás granxas. O CSA Farm, por exemplo, ten un volume de vendas de 800.000 libras anuais en froitas e hortalizas e serve 450 cestas semanais, dando cobertura alimentaria a 1.500 persoas. O seu obxectivo é chegar a 1 millón de libras de vendas cada ano. Este CSA paga aos labregos e labregas prezos entre un 20% e un 30% superiores aos do mercado. (communitysupportedagriculture.org.uk).

Outros CSAs dos visitados foron o Chagfood ou o Sims Hill Shared Harvest. Este último CSA é de Bristol, cidade na que existe unha rede alimentaria, a Bristol Food Network, que dá soporte, informa e interconecta a cidadáns e cidadás con proxectos agrícolas comunitarios, organizacións e negocios que teñen por obxectivo facer de Bristol unha cidade sostible dende o punto de vista alimentario con accións como transformar os xardíns urbanos en hortas, crear redes, organizar eventos e festivais centrados na alimentación, etc. (www.bristolfoodnetwork.org/)

O último día tocoulle a quenda á Asociación de Pastoreo Fed Livestock, na que crían gando vacún cunha alimentación 100% a base de pasteiros. Utilizan un sistema de produción "*eficiente, rendible e gratificante*" baseado no benestar animal dunhas ganderías que se alimentan en prados mixtos nos que medran cinco clases de leguminosas, cinco de gramíneas e cinco de herbas (www.pastureforlife.org)

Nos días de traballo do programa BOND en Inglaterra, tamén se visitaron outros proxectos, celebrándose, a maiores, interesantes diálogos e debates ao redor de temas como a agricultura comunitaria, xurdido a raíz das visitas que se fixeron ao Sims Hill Shared Harvest de Bristol ou a The Community Farm, rede de granxas ecolóxicas que venden directamente a través de cestas en Somerset. O seguinte encontro do programa BOND está previsto que se celebre en Córdoba, neste mes de setembro.

# Liña 401 Seguro de explotación de gando vacún de reprodución e produción

Financiado pola Entidade Estatal de Seguros Agrarios (Enesa)

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN
ENTIDAD ESTATAL DE SEGUROS AGRARIOS, O.A. (ENESA)

Texto: Xosé García Rodríguez


Nesta liña 401 recóllense as garantías, tipos de animais e réximes que caracterizan calquera explotación de gando vacún de reprodución e produción. Poderemos contratar as coberturas que máis precisa a nosa explotación, por separado.


Como se pode ver no cadro, a garantía básica cobre: febre aftosa, EEB, saneamento básico, riscos climáticos (incendio, raio, inundación, esmagamento por derrube), ataques de animais, morte masiva e período improdutivo. O resto de coberturas deben contratarse como garantías adicionais por separado.

Do mesmo xeito que en anos anteriores, no Plan 2018, a partires dun paquete básico, poderase contratar como garantías adicionais e de xeito independente todas as que a continuación se relacionan:

As principais novidades do Plan 2018:

- Amplíase a carencia das garantías de saneamento básico, saneamento extra e privación de acceso a pastos, para novos aseguramentos.
- Na garantía adicional de partos inclúese a morte da cría cando tamén se sinistre a nai.
- Para bois elimínase o límite de idade máxima de aseguramento e indemnización.
- As explotacións de recría de xovencas e lácteas que teñan o mesmo REGA, teñen que asegurarse no mesmo réxime de manexo.
- Na garantía de mortalidade por diversas causas incorpóranse as coberturas dos gastos veterinarios por operacións de cesárea, prolapso uterino e desprazamentos de cuallar.
- Na garantía de brote de mamite, que cubría un brote con posibilidade de contratar un novo tralo primeiro sinistro, inclúense até dous brotes, sen posibilidade de volver contratar en caso de dous sinistros.
- Inclúese risco de fracura de pene na garantía adicional de accidentes individuais para os sementais.




| SEGUROS ENESA PARA O GANDO | | PORCENTAXES DE SUBVENCIÓN | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2018 | LIÑAS DE SEGURO | Base | Colectivo | Características do asegurado | Continuidade | ADSG | Produción ecolóxica | Fraccionamento | % subvención máxima |
| XUÑO | Acuicultura continental | 25 | | | | | | | 25 |
| | Acuicultura mariña | 25 | | | | | | | 25 |
| | Gando vacún de produción e reprodución | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Gando vacún de cebo | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Gando vacún de lidia | 16 | 5 | 10 | 5 | 0 | 3 | 1 | 40 |
| | Gando ovino e caprino | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Gando equino | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Avicultura de carne | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Avicultura de posta | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Gando porcino | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Tarifa xeral gandeira | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |
| | Retirada e destrución de animais mortos | Por especie | | | | | | | |
| XULLO | Compensación por perda de pasteiros | 16 | 5 | 10 | 7 | 0 | 0 | 1 | 39 |
| OUTUBRO | Apicultura | 16 | 5 | 10 | 5 | 5 | 3 | 1 | 45 |

**II FESTIVAL SON LABREG@** ▸ Será o 22 de setembro no Cinema Palleiriso, no lugar de Garabelos (Chantada), e aunará palestras, obradoiros, catas de viño e música

# A segunda edición do Son Labreg@ aposta pola soberanía alimentaria e cultural

**Desta vez, as actividades serán de balde, habilitarase unha zona de acampada e contarase con servizo de ludoteca para xente miúda**



Os chantadinos Liviao de Marrao, na imaxe, conformarán o cartel musical do Son Labreg@ xunto a grupos e artistas como Cuarta Xusta, Punkdereteiras e DJ Peter

O 22 de setembro, a Mocidade Labrega do SLG vai celebrar o II Festival Son Labreg@, que desta vez terá lugar nas instalacións do Cinema Palleiriso, en Garabelos (Chantada).

O festival comezara de mañá, ás 11:30, coa **palestra "Construíndo soberanía",** onde un grupo de mozos e mozas nos falarán dos proxectos que están a desenvolver en sectores tan dispares como o vacún de leite e carne, horta e cabras. Quixemos que estes proxectos tivesen como singularidade a forma de venda pola que optaron, xa que todas as persoas invitadas a falar foron conscientes, cando se incorporaron á profesión, das dificultades que tiñan para alcanzar unha renda digna utilizando as canles tradicionais de comercialización. Por iso, dende o comezo procuraron innovar neste aspecto para buscar alternativas que deixasen maiores marxes de beneficio. É o caso de Xosé García, de A Casa da Fonte, por exemplo: unha granxa leiteira que vende os seus produtos transformados. Contaremos, ademais, con Alberto Santín, Ana Corredoira e Mónica Llenderrozas.

Xa cara ao mediodía, terá lugar a **sesión vermú** dende as 13:30 horas, á que seguirá o **xantar**. Para iso, haberá postos de comida, ao tempo que disporemos de espazos para quen queiran levar a comida.

Tralo xantar, ás 16:30 horas, teremos unha nova palestra titulada **AGRI-CULTURA** e pensada para trasladar ás persoas asistentes proxectos de todo o país que pretenden recuperar e manter a cultura popular galega e por en valor a actividade agraria e as persoas que viven no rural. Nesta mesa contaremos coa presenza de proxectos e persoas como Antón Bocixa, Anxo Moure, Lola Tourón, Rural C.E ou a A Arca de Noe.

A partir das 19:00 horas, celebraranse diversos **obradoiros** sobre cestería en papel, regueifas e postureo na horta. Despois, sobre as 21:00 horas, e aproveitando que estaremos na Ribeira Sacra, faremos unha **cata de viños** de produtores e produtoras da bisbarra para coñecer as súas producións e poder escoitar o que nos teñan que contar sobre as cualidades e procesos de elaboración.

Rematadas todas estas actividades, a partires das 23:00 horas terán lugar os concertos de música que poñerán remate á festa. Este ano contaremos coas actuacións de **Liviao de Marrao** (Chantada), **Cuarta Xusta** (Melide), **Punkdereteiras** (Chantada) e **DJ Peter** (Carral). No descanso dos concertos sortearase unha fin de semana nunha casa de turismo rural para 2 persoas e unha cesta de produtos ecolóxicos.

A entrada a todas as actividades do Festival Son Labreg@ son de balde. Este ano contarase, ademais, cunha zona habilitada para acampar, e disporase de servizo de ludoteca para que tanto a xente miúda como a máis grande poidan desfrutar da actividades do festival.

## *"O futuro do agro pasa por que a sociedade sexa consciente da súa desarticulación"*

A responsábel de Mocidade Labrega, Sonia Vidal, explicou que "*co Son Labreg@ pretendemos habilitar unha xornada lúdica e festiva para toda a nosa afiliación e as labregas e labregos da Galiza, onde se mesture debate, lecer e convivencia; e que serva para dar visibilidade, dun xeito lúdico e positivo, ás problemáticas ás que diariamente nos enfrontamos as labregas e labregos galegos*".

Vidal invitou "*a participar a todas as labregas e labregos e aproveitar este espazo para coñecerse e xerar lazos de convivencia que nós permita a todas sobrepoñernos mellor ás dificultades que, dia a dia, nos atopamos vendo que existe moita máis xente coas nosas inquedanzas e problemáticas*". A responsábel da Mocidade no SLG quixo estender a invitación "*a todas as persoas que, sen ter unha relación cotiá co agro, teñan inquedanzas sobre cuestións como o modelo de produción de alimentos, a calidade e procedencia do comen, ou a nefasta xestión que as distintas administracións están a facer dos nosos recursos naturais forzando, en moitos casos, a que as mozas e mozos do rural teñan que emigrar*".

Sobre a relación entre a cidadanía co rural, Sonia Vidal afirmou que "*o futuro do agro galego pasa por que o conxunto da sociedade galega sexa consciente do abandono e desarticulación que as administracións están a facer do mesmo, atendendo primeiro o interese das grandes empresas e ignorando as necesidades alimenticias da sociedade galega e o benestar das produtoras e dos produtores que manteñen vivo o noso rural*".

# Labregas por un trato digno na enfermidade e na vellez



por **Vitoria Portas,** coordinadora do Movemento en Defensa das Pensións (Modepen)

As pensións galegas son as máis baixas do territorio español e as das mulleres están nunha media de 600 €. A fenda salarial nas pensións xa se atopa no 36,8 %. Os retos cara a igualdade na nosa vellez son principalmente :

**1º PRECARIEDADE LABORAL, FENDA SALARIAL E TEITO DE CRISTAL**

En Galiza hai máis de 30.000 labregas que non son titulares da explotación na que traballan e que figuran como axuda familiar. Situación que provoca que:

- A maior fenda salarial entre sexos na Galiza sexa nos sectores da agricultura, gandería, silvicultura e pesca, onde se sitúa no 31,9 %.
- Se as labregas non se están como cotitulares, non cotizan e carecen de dereitos e ingresos propios. A pesar de levar anos realizando o mesmo traballo cós homes, apenas o 5% das labregas galegas se xubila coa pensión íntegra, fronte ao 80% dos homes que traballan no campo. A Lei de Titularidade Compartida dá a posibilidade que as labregas poidan figurar como cotitulares, xunto á súa parella, do negocio familiar de explotación agraria, polo que os seus rendementos económicos e subvencións repartiríanse ao 50%. Pero é unha medida que non acaba de callar no rural galego, (ao peche deste Fouce, a mediados de agosto de 2018, só 18 mulleres solicitaron a cotitularidade na Galiza).

**2º POÑER EN VALOR A ECONOMIA DOS COIDADOS E DA CONCILIACIÓN**

Responsabilízase ás familias do coidado das chamadas persoas dependentes: nenos e nenas, maiores, doentes… Pola contra, as sociedades nun estado de benestar máis desenvolvido están incorporado no diario colectivo que este coidado compete á sociedade. A Lei da Dependencia de 2007 foi ese pequeno gran paso necesario para asumir este compromiso, pero fustrouse a causa da "crise".

O 94% das excedencias por cuidados de crianzas séguenas asumindo as mulleres; e, a maiores, o 85% das excedencias para coidar de persoas enfermas e anciás.

As nosas mulleres son as máis afectadas polo emprego parcial (70%) a pesares de que o 58% desexaría traballar a xornada completa.

Conciliar non é ter os nenos e as nenas todo o día nun centro escolar e despois en ludotecas e actividades extraescolares para poder traballar. Ese non é o concepto da conciliación. Danos tristura ver como a xente maior se queixa de estar soa ou interna en residencias xeriátricas. Pero acaso temos outra saída????




**"O 94% das excedencias por cuidados de crianzas séguenas asumindo as mulleres; e, a maiores, o 85% das excedencias para coidar de persoas enfermas e anciás"**

**3º AS REFORMAS DAS PENSIÓNS DENDE 2011**

A esixencia de vidas laborais prolongadas dificulta que as mulleres poidan acceder a unha pensión.

Polo tanto, a configuración do sistema de pensións español -centrado na contributibidade-, en vez de aliviar as desigualdades de xénero no mercado laboral, perpetúaas. Penalízase gravemente ás persoas que coticen menos anos e por menos importe. Ademais, as últimas reformas do sistema acentúan esta fenda de xénero, agravándoa considerablemente pola ampliación do período de cotización necesario para conseguir o total da pensión de xubilación, polo aumento do número mínimo de anos cotizados, pola maior penalización das lagoas de cotización e polo endurecemento das regras de cálculo da pensión en función das cotizacións.

Este comportamento claramente patriarcal na política actual mantense a base de que as mulleres levemos o peso da atención á infancia e á dependencia. E non só se perpetua a desigualdade, senón que, ademais, o envellecemento ten rostro feminino. Deste modo, a muller, aínda que vive unha media de 5 anos máis que os homes, ten menor nivel de saúde e maiores posibilidades de acabar como dependente e caer en niveis de pobreza nun proceso que podemos considerar unha feminización da vellez.

É pois unha necesidade perentoria reflexionar sobre os efectos que provoca o actual sistema nas persoas que adican parte da súa vida a coidar da rapazada e das persoas dependentes (actividade indispensábel para a sostibilidade da sociedade) e repensar posibles alternativas para superalo.

**4º CÓMPRE UN PLAN DE EMPREGO ESPECÍFICO PARA AS MULLERES**

Diante disto, é necesario elaborar un plan de emprego para as mulleres que incida na súa incorporación ao emprego remunerado, recolla medidas concretas para garantir o principio de a igual traballo igual salario, e incorpore liñas específicas para atallar a discriminación nos ámbitos produtivos (labregas, mariscadoras, redeiras…) nos que hai unha importante presenza feminina.

E Como dicía Manuel María:

**"As mulleres galegas -labregas, mariñeiras, artesás, obreiras, pasado, pobo, presente, alma e futuro de Galicia- non foron cantadas"**

## VILALBA, 17 de setembro: Charla sobre saneamento gandeiro

O 17 de setembro, charla sobre os datos da última campaña de saneamento gandeiro na Terra Chá.

No acto participarán a secretaria xeral do SLG, **Isabel Vilalba Seivane**; e o xefe de área do Servizo de Gandería na Terra Chá, **José Fraga Martínez**.

O acto terá lugar no Centro Cultural Recreativo, fronte á Oficina Agraria Comarcal de Vilalba (Extensión Agraria). Máis información, na oficina do SLG en Vilalba: **659 985 308**

## Axudas ao pagamento da factura eléctrica a persoas vulnerables

Estas axudas teñen como obxecto pagar a factura eléctrica aos consumidores e consumidoras vulnerables severas en risco de exclusión social para lle asegurar o acceso continuado á subministración de enerxía eléctrica na Galiza. O importe máximo por solicitante é de 250 € / ano ou de 400 € / ano no caso de familias numerosas. Máis información nas oficinas do SLG. O prazo de solicitude remata o **15 de decembro**.

## Axudas ao subministro de alimentos a centros escolares

Axudas para subministrar froitas frescas, castañas e leite líquido de consumo ao alumnado de centros escolares para o curso escolar 2018/19.

Poderán solicitar esta axuda as persoas físicas ou xurídicas que exerzan a actividade de produción e/ou comercialización dos produtos subvencionables. O prazo de solicitude remata o **20 de setembro.**

## Programa segunda oportunidade para persoas autónomas

Axudas para persoas que se dean de alta no réxime especial de traballadores autónomos (RETA) ou en calquera outro réxime especial por conta propia do 1 de xaneiro ao 30 de setembro de 2018, e cesasen con anterioridade na súa actividade causando baixa na seguridade social e no imposto de actividades económicas. O prazo remata o **30 de setembro**

## Axudas á conciliación da vida laboral e familiar de autónom@s

Axudas a persoas traballadoras por conta propia ou autónomas que, unha vez finalizada a súa baixa por maternidade ou paternidade, contraten unha persoa para ampliar a súa conciliación da vida familiar e laboral. As axudas serán para compensar a contratación dunha persoa durante dezaseis semanas.

O prazo de solicitude será de 1 mes contado dende a contratación subvencionada.

## Axudas para contratar mulleres desempregadas

Axudas para facilitar a inserción laboral das mulleres desempregadas. Poderán ser beneficiarias as persoas empregadoras e as empresas, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras por conta allea para prestaren servizos en Galicia. Vixente para contratos feitos despois do 27 de xuño. Prazo até o **30 de setembro**.

# Compra - Venda - Troco

## VENDAS

**Véndense**
-Ovellas e cabras. Urxe por non poder atender.
☎670 895 789 (Afonso)

**Véndense**
-300 rolos grandes de silo de herba.
☎981 446 501

**Véndense**
-Becerros Limousin. No concello de Lugo.
☎685 884 257

**Véndese**
-Tractor Pasquali con 2 arados, grada, remolque e fresa. Seminovo e con toda a documentación.
Na zona de Lugo.
☎690 774 565

**Véndese**
-Suzuki Gran Vitara en perfecto estado. 135 Cv.
☎630 561 310

**Véndense**
-2 comedeiros de rolos.
-Quad en bo estado.
Na zona d'O Corgo.
☎689 752 400

**Véndese**
-Rotativo Bonino AB40TR.
-Autocargador Magal 7 coitelas.
-Cisterna para xurros de 8.000 litros.
☎626 194 490

**Véndese**
-Autocargador con cabezal hidráulico do ano 1989. Con documentación. Na zona de Pastoriza (Lugo).
☎680 770 226

**Véndense**
-Muíño eléctrico.
-Máquina limpadora.
Na zona d'O Corgo.
☎648 718 864

**Véndense**
-Cachorros de mastín. En Monfero (A Coruña).
☎626 194 490 (Paco)

**Véndese**
-Rabaño de vacas do monte. No concello de Covelo (Pontevedra).
☎626 442 294

**Véndense**
-Cisterna de 6.000 litros.
-Sala de muxido de 4 puntos con medidores e lavado automático Westfalia.
-Tanque de frío de 730 litros.
-Autocargador con rotativa.
-Desensilador.
En Oza-Cesuras. Por xubilación.
☎669 799 422 (Xesús)

**Véndense**
-2 estruturas de invernadoiro. Medidas: Un de 42x8,50; e outro 46x6,80. Prezo negociable. No concello d'O Rosal (Pontevedra)
☎630 366 418 (Isabel)

**Véndese**
-Picador Pottinger de 40 metros con estendedores en moi bo estado.
☎982 183 019 e 628 785 466

**Véndense**
-Xuntador de herba de 630 m., marca Fella. 3.000 €
-Ensiladora de millo de un rego, marca Taarup. 500 €
☎620 670 303

**Véndese**
-Silo de penso de 8.000 kg. de dous compartimentos. Zona de Monfero.
☎981 788 905

**Véndense**
-Xatas e xatos con carta, raza Blonde de Aquitania. Boa xenética.
En Ribadeo.
☎686 116 478

**Véndense**
-Silo e herba seca en rolos.
☎982 526 108
(chamar de 13:00 a 16:00)

**Véndense**
-Angazo ringleirador de 11 brazos.
-Muiño eléctrico de pedra.
Zona Ribadeo.
☎656 349 743 (Paco)

**Véndense**
-Vacas e xovencas de raza frisoa por xubilación.
Chamar en xuño.
☎699 439 775 (Carlos)

**Véndese**
-Citroën saxo
☎606 398 305

**Véndese**
-Autocargador Maglosa RC. Peso máximo, 3.800 kg. Moi bo uso. Zona Portomarín.
☎626 686 509

**Véndese**
-Arado de 2 regos automático, en bo estado. Zona de Meira.
☎982 330 623 (Manuel)



**Para poder anunciarse nesta sección cómpre estar afiliad@ no SLG e comunicar o anuncio a través da súa oficina sindical máis achegada. Os anuncios publícanse durante tres números consecutivos, ao cabo dos cales quitaranse. En caso de que @ anunciante quixera seguir mantendo o seu anuncio, ou para realizar calquera modificación do mesmo, debe poñerse en contacto de novo coa súa oficina sindical para facelo.**

FOUCE 321
Xullo-Agosto 2018

sindicato labrego galego
comisións labregas

**Juyoung Gam** ▸ Horticultora de Barreiros (Lugo)

**Se algún día nos cadrase ver a Juyoung Gam na súa horta, poderiámonos preguntar que fai unha labrega coreana cultivando a terra a carón da praia de San Bartolo, en Barreiros (Lugo). Para obter a resposta, teriamos que remontarnos ao ano 2008, cando Juyoung fixo o Camiño de Santiago e coñeceu a Miguel -xixonés fillo dun emigrante de Barreiros-, ao que uniu dende aquela a súa vida. Despois viría a decisión de vivir do terrón na Galiza, pero iso xa ten máis miolo por debullar.**

# "O futuro está na diversificación de cultivos e na venda directa"

**■Para unha muller que veu de Corea do Sur a Barreiros para vivir da agricultura, os comezos non deberon ser moi doados.**

Si, os comezos foron difíciles, sobre todo á hora de facernos con terra. Vivimos nun núcleo urbano, a carón da praia de San Bartolo. Aquí, en Barreiros, hai moita gandería de vacún de leite e carne e moito turismo. Ambos factores fan que sexa difícil acceder á terra para alguén que empeza de cero. Nós botamos un ano para conseguir a finca. Ao final, atopámola de casualidade, un día que fomos á oficina agraria comarcal e xusto acababan de poñer o cartel para alugala. Tratábase dun terreo que se utilizara como recinto para practicar paintball e que atopamos nun estado lamentable. Foi duro acondicionalo, pero hoxe temos aquí a horta, os invernadoiros e a tenda.






**■Xa eras labrega no teu país de orixe?**

Non. Precisamente, esa foi outra dificultade engadida: ter que aprender o oficio dende cero. Fíxeno asistindo a cursos na Escola Pedro Murias; a través da Cooperativa Terras da Mariña, da que son socia; vendo como traballan en fincas de aquí da zona, como a de Elia Rodríguez; ou mesmo nalgunhas de fóra. Teño visitado hortas de Francia, Euskadi, Asturies e mesmo en Corea. De feito, no meu país de orixe estudei a fondo cultivos como o allo ou a cebola con técnicas propias de alí, xa que Corea do Sur é un país onde, por falta de terra, están afeitos a aproveitar cada centímetro de superficie cultivable. Tamén nos asesora un biólogo asturiano, Rafael Peláez, que traballa con nós seis meses ao ano.

**■Como é a agricultura profesional nun entorno urbano orientado cara ao turismo?**

Vivir aquí ten desavantaxes, como a de non poder optar á certificación ecolóxica, pero ten avantaxes como a posibilidade de comercializar boa parte do que produces a carón da finca. Dende o principio, a xente das urbanizacións viña directamente até a nosa casa mercar as hortalizas. Só tivemos que facer un pouco de publicidade ao principio para darnos a coñecer e, despois, funcionou o boca a boca.

**■Antes, falaches antes dunha tenda...**

Tras catro anos traballando, este 2018 decidímonos a montar unha pequena tenda de madeira a pé de finca, e vendemos aquí directamente, sen ter que desprazarnos para distribuír. Ademais, vendemos alimentos doutros produtores que eu non teño, como mel ou pan. Agora mesmo, eu estou dada de alta como labrega, e temos unha empregada na tenda seis meses ao ano que tamén cotiza.

**■ O teu proxecto considéraloo pechado ou tes novos plans para o futuro?**

O ano pasado fixen unha viaxe formativa a Euskadi co Sindicato Labrego Galego e coñecín varias experiencias que me gustaría poñer en práctica aquí. Por exemplo, gustaríame facer un pequeno centro de transformación para elaborar marmeladas cos excedentes que teña de amorodos e arandos. En Corea son tradicionais tamén as conservas de hortalizas para o inverno. Eu xa fago conservas para min, pero moita xente estame a pedir conservas cando merca hortalizas pero, como agora mesmo non teño licenza para facelo, prefiro non vender até que teña ese pequeno obradoiro con todos os permisos necesarios. A maiores, gustaríame comezar a vender para o ano que vén a través do sistema de cestas semanais.

**■Tes unha clientela fiel para poder dar ese paso?**

Agora no verán, en temporada alta, coa chegada das familias que veñen veranear, estamos a venderlle a máis de 200 persoas. O resto do ano, teño unha clientela fixa dunhas 25 familias.

**■O teu caso é un bo exemplo de que é posible asentarse no rural e vivir da agricultura, mesmo sen experiencia.**

É que no rural hai moito futuro. Pódese asentar poboación a través da agricultura, pero debemos fuxir do modelo dominante e apostar polas producións locais. En horticultura, corres moitos riscos se baseas o teu traballo en vender a maioristas, xa que están a pedir uns estándares de produción e calidade semellantes aos de zonas como Andalucía que en Galiza non podemos asumir. É como se nos obrigasen a participar nunha carreira faltándonos unha perna. Creo que o futuro está na diversificación de cultivos e na venda directa. Se nos especializamos nuns poucos cultivos, imos depender sempre das grandes distribuidoras e estar condicionadas por se che recollen ou non o produto, se aceptan os tamaños cos que traballas, e iso moitas veces sen que te valoren a ti como persoa nin o teu traballo.